

O *Kalevipoeg*, unha grande epopea europea. No bicentenario do nacemento de Friedrich Reinhold Kreutzwald, autor do *Kalevipoeg* e fundador da literatura estonia*

Jüri Talvet

RESUMO Este artigo de Jüri Talvet, catedrático de Literatura comparada da Universidade de Tartu, céntrase en Friedrich Reinhold Kreutzwald (1803-1882), autor da epopea nacional estonia *Kalevipoeg* (1861) e fundador da literatura estonia. No bicentenario do nacemento do autor, que se celebrará o 26 de decembro, Jüri Talvet fai notar a necesidade dunha radical revisión do lugar da obra de Kreutzwald no marco amplo da literatura europea e occidental. A súa proposta principal consiste na defensa dunha nova comprensión do *Kalevipoeg*, que pasaría polo abandono da perspectiva folclorista –prevalente durante o século XX– para entender o texto como unha obra relevante dentro do canon da épica individual europea, a que abrangue desde a *Eneida* de Virxilio e os anónimos *Chanson de Roland* e *Cantar de Mio Cid* ata *Os Lusíadas* de Camões e as propostas do último Romanticismo occidental.

123

ABSTRACT This essay by Jüri Talvet, Chair of Comparative Literature of Tartu University, is dedicated to Friedrich Reinhold Kreutzwald (1803-1882), the author of the Estonian national epic *Kalevipoeg* (1861) and the founder of Estonian literature. As 200 years from Kreutzwald's birth lapse on the 26th of December this year, Jüri Talvet makes a call for a radical revision of the place of *Kalevipoeg* in European and Western literature. His main claim is that Kreutzwald's epic should not really be evaluated from a folkloric and folklorist's point of view –which has prevailed during the 20th century–, but as an outstanding literary work in the canon of European individual epics reaching from Virgil's *Aeneid*, the anonymous *Chanson de Roland* and *Cantar de Mio Cid* to Camões's *Os Lusíadas* and the late Western Romanticism.

* Traducción ao galego de Manuela Palacios a partir dunha versión previa, en castelán, de Giselle e Albert Lázaro. A traducción dos versos ao galego fíxose directamente da traducción inglesa de Jüri Kurman, *Kalevipoeg. An Ancient Estonian Tale*, Moorestown. New Jersey: Symposia Press, 1982.

Friedrich Reinhold Kreutzwald (1803-1882), coñecido como *o poeta de Viru e o pai da canción*, naceu no seo dunha humilde familia de servos no condado de Kadrina (Virumaa, no nordés de Estonia). Era fillo dun garda de celei-ro e dunha ama de chaves liberados da servidume en 1815, un ano antes de se promulgar o decreto do tsar ruso que aboliu a servidume en Estonia. Como a gran maioría dos servos labregos e dos seus fillos, Kreutzwald recibiu o apelido do seu amo alemán. O seu apelido familiar estonio sería Ristmets.

Malia certas dificultades, Kreutzwald logrou acceder a unha boa educación. Estudiu nunha escola de distrito na capital, Tallinn, e logo formouse como mestre de escola primaria. Tras unha tentativa infrutuosa de entrar na Academia Militar de Medicina de San Petersburgo (non o admitiron por mor da súa orixe labrega), comezou en 1825 os estudos de Medicina na Universidade de Tartu (Dorpat), o centro educativo de maior renome en Estonia, fundado en 1632 polo rei de Suecia Gustavo Adolfo II e reinaugurado polo emperador de Rusia Alexandre I en 1812.

124

A Kreutzwald, ademais da medicina, interesoulle dende moi cedo a literatura. Mesmo antes de entrar na universidade traducira xa ao seu estonio natal fragmentos da célebre primeira obra de Friedrich Schiller, *Os Bandidos* (1781), un dos alegatos máis decididos a prol da xustiza social e da liberdade expresado polo movemento prerromántico alemán *Sturm und Drang*. Por certo, unha das figuras clave do *Sturm und Drang*, Friedrich Maximilian Klinger, que logo se convertería nun oficial militar de alto rango en San Petersburgo, foi responsable da Universidade de Tartu entre 1803 e 1817.

Moi axiña, sendo aínda un estudante novo, Kreutzwald viuse influído polas ideas de Johann Gottfried Herder, o grande “arquitecto” non só do *Sturm und Drang* e do romanticismo alemán, senón tamén da poderosa onda do “esperar nacional” estonio e dos movementos revolucionarios que conducirían á liberación dos pobos da Europa do Leste nos inicios do século XIX. Na súa xuventude, Herder foi un activo pastor luterano e francmasón en Riga, a capital de Livonia (e da actual Letonia). Máis tarde publicou a súa valiosa colección de cancións folclóricas *Stimmen der Völker in Liedern* (1788-1789), onde recolleu tamén letras de cancións tradicionais dos pobos bálticos, incluídos os estonios.

Nos seus anos de estudante, Kreutzwald fíxose amigo dun compañeiro de orixe estonia (naqueles tempos esa era unha pequena minoría na Universidade), Friedrich Robert Faehlmann. A partir dese reducido grupo de estudantes, xurdiu o pulo e a vontade para defender a nación estonia, o seu idioma e a súa cultura. Faehlmann foi o principal promotor, en 1838, da Gelehrte Estnische Gesellschaft (Sociedade de Intelectuais Estonios), á que se sumou Kreutzwald un ano máis tarde. Baixo a influencia da célebre epopea fina *Kalevala* (1836), de Elias Lönnrot, Faehlmann comezou a dispoñer o contorno para unha épica similar, o *Kalevipoeg*. En 1839 presentou na Sociedade de Intelectuais Estonios os seus *Contos antigos*, nos cales, conforme ao espírito do romanticismo, convertía a mítica figura de Kalevipoeg (o fillo de Kalev), coñecido no folclore estonio como un xigante malfeitor, no antigo rei dos estonios que loitou pola liberdade do seu pobo. Non debemos esquecer que Lönnrot, visitou Estonia en 1844 e coñeceu a Faehlmann en Tartu e a Kreutzwald en Võru.

Outro “enxeñeiro” clave desta epopea foi G.J. Schultz-Bertram, un doutor en medicina e folclorista xermano-báltico que avogaba apaixonadamente pola creación dunha épica nacional estonia, seguindo o exemplo finés, co propósito de fundar unha base firme sobre a que se puidesen desenvolver, máis adiante, as ideas da independencia nacional.

Faehlmann faleceu en 1850. Daquela, e dende 1833, Kreutzwald, médico e conselleiro das xentes de Võru, pequena vila do sur de Estonia, comezou a facer realidade aquela idea da epopea nacional. O seu poema épico *Kalevipoeg, eine Estnische Sage* (“Kalevipoeg, un antigo conto estonio”) foi primeiramente publicado por entregas, cunha traducción paralela en alemán acompañando o texto orixinal, nos anais da Sociedade de Intelectuales Estonios (1857-1861). Apareceu como libro nunha traducción alemana en Tartu en 1861. O orixinal estonio foi publicado un ano máis tarde na vila fina de Kuopio. En territorio estonio o *Kalevipoeg* non se publicaría en forma de libro ata 1875, en Tartu, dous anos antes de que Kreutzwald se trasladase de Võru á cidade universitaria, onde pasou a súa vellez.

Para entón, o *Kalevipoeg* era xa moi coñecido en toda Estonia e o seu autor considerado como o auténtico fundador da literatura estonia, así como o promotor máis destacado da idea dunha nación libre. Sen embargo, fóra de Estonia, Kreutzwald a penas si era coñecido, e case sempre polo feito de que

a Academia de Ciencias Rusa lle concedera un premio polo *Kalevipoeg* en 1860 e porque fora nomeado membro correspondente da Academia de Ciencias de Hungría en 1871¹.

Resulta evidente, pois, que as honras “oficiais” das que gozou Kreutzwald en vida foron un recoñecemento dos seus méritos como intelectual. Máis adiante, comezaríase a valorar tamén o seu traballo, inda que só dende un punto de vista folclórico. Ata agora, as monografíaas máis exhaustivas sobre o *Kalevipoeg* son obra de folcloristas estonios como August Annist (1899-1972), que foi tamén o traductor do *Kalevala* ao estonio, e Felix Oinas (nado en 1911). Por outra parte, aínda non se ten valorado suficientemente a valía de Kreutzwald como escritor e poeta.

Malia denotar a influencia do *Kalevala*, a epopea de Kreutzwald difire radicalmente da finesa. As fontes folclóricas de Kreutzwald eran moito máis escasas cás de Lönnrot. En realidade, tivo que inventar el mesmo o mito e o folclore. O *Kalevipoeg* é ante todo unha obra literaria. Como tal, non forma parte do mesmo canon que a *Ilíada* da antiga Grecia, ou que as cancións islandesas medievais da *Edda*, ou que o *Kalevala* de Lönnrot, obras que se basean fundamentalmente —malia non facelo en sentido pleno— no folclore puro e reflicten unha conciencia tribal primixenia. Pola contra, o *Kalevipoeg* pertence claramente a outro canon, de ningún xeito menos valioso: o dos poemas épicos individuais, que en occidente comezaron coa *Eneida* de Virxilio, á que seguiron, a finais de Idade Media, a *Chanson de Roland* francesa, o *Cantar do Mio Cid* castelán, o *Nibelungenlied* alemán e, xa no Renacemento, *Os Lusíadas*, a grande epopea portuguesa escrita por Camões.

Abondos poetas notábeis do pasado pretenderon crear monumentos épicos maxestosos. Non todos tiveron éxito nos seus propósitos; así, o francés Ronsard só conseguiu escribir a primeira parte da súa proxectada *Franciade*. Ás

¹ Agás a xa mencionada versión alemana do *Kalevipoeg*, todas as demais traducións da magna obra de Kreutzwald foron póstumas. Como texto integro, *Kalevipoeg* ten aparecido en ruso (1886-1887, 1949; reeditado en 1950, 1956, 1961, 1979 e 1987), húngaro (1929, reeditado en 1960 e 1986), letón (1929), finés (1957), checo (1959), lituano (1963), ucraíno (1981), inglés (1982, reeditado en 1999) e sueco (1999). *Kalevipoeg* ten aparecido en estonio, entre 1857 e 2002, en dezasete edicións diferentes. Foi editado en repetidas ocasións tanto durante os anos de entreguerras (1918-1940), cando se constituíu a República de Estonia, coma na etapa da Estonia Soviética (1945-1990).

vezes, as condicións históricas foran adversas para este tipo de traballo; noutros casos, os poetas épicos deixáronse influír por unha “contaminación do xénero”, ata o extremo de que o resultado das súas obras se limitaba a unhas “novelas en verso” que non chegaban nunca a se converter en verdadeiras epopeas capaces de reflectir a realidade alén das historias de amor. Kreutzwald é, sen dúbida, un dos poucos escritores europeos do romanticismo serodio que conseguiron crear un poema épico en toda regra.

A dimensión *nacional* do *Kalevipoeg* pódese apreciar, primeiro, no tipo de verso empregado por Kreutzwald. No *Kalevipoeg* fixo uso principalmente do metro trocaico de catro pés, coa abundancia de aliteracións e paralelismos característicos do rico tesouro das cancións folclóricas ugrofinesas, unha forma que xurdiu do mesmo solar poético nacional. O poeta norteamericano H.W. Longfellow asumiu, como Kreutzwald, a influencia do *Kalevala* de Lönnrot na creación de *Song of Hiawatha* (1855), unha obra que había ser unha “epopea indíxena americana”. Sen embargo, Longfellow non puido empregar como soporte ningún tipo de verso dos indíxenas americanos, senón que tivo que *importalo* da poesía tradicional ugrofinesa. Por outra banda, o troqueo de catro pés inglés non pode conseguir a flexibilidade interior nin a variedade rítmica do metro tradicional ugrofinés. Por non mencionar o feito de que, aínda que Kreutzwald non dispuña dun material folclórico tan completo como Lönnrot, o imitou con xenialidade, igual que o escocés James Macpherson en *Ossian's Songs*. Como resultado, o *Kalevipoeg* abunda en metáforas líricas e en sutís imaxes poéticas, tan intensas como as das xenuínas cancións folclóricas estonias:

Á anoitecida, no solpor,
co vagar do lusco-fusco,
o irmán máis novo, a soas,
nun andar apesarado,
encamiñouse á tumba do pai.

O *Kalevipoeg* é unha epopea “constructora dunha nación”. Non coñezo ningunha outra obra romántica europea deste xénero que teña salientado o ideal patriótico con tanta intensidade. O único paralelismo posible co *Kalevipoeg* a ese respecto podería atoparse, se cadra, n’*Os Lusíadas*, que, sen embargo, é unha obra do Renacemento. Ambas son as epopeas nacional-patrióticas por excelencia, concibidas para enxalzar unha nación polos seus grandes logros do pasado e proxectalos no futuro.

No argumento do *Kalevipoeg*, e mesmo na súa estrutura filosófica, podemos apreciar unha certa semellanza co *Fausto* de Goethe. A gran diferenza, con todo, reside en que Goethe empregou amplamente a mitoloxía grega e os metros antigos, mentres que Kreutzwald se baseou exclusivamente en fontes do folclore nacional: aínda cando as completaba coas súas propias invencións e *importaba* intertextualidades, “estonizaba” a historia toda:

que faga na pedra a inmolaición
a Uku, o que reparte a sorte².

Kalevipoeg é presentado primeiramente como o fillo menor e sucesor de Kalev, o antigo rei mítico dos estonios. Linda, súa nai, traeo ao mundo cando o vello Kalev xa está morto. Linda tamén morre axiña, despois de ser raptada por un bruxo finés, aínda que os Ceos a libran del e a converten nunha rocha en Iru, preto de Tallinn. O lago Ülemiste, á beira do cal se atopa hoxe o aeroporto internacional da capital estonia, formouse segundo Kreutzwald coas bágoas vertidas por Linda cando choraba a morte do seu esposo. Kreutzwald mitificaba deste xeito a Estonia xeofísica e espallaba pola terra patria sementes de espiritualidade.

128

Existe unha relación singular entre o protagonista, Kalevipoeg (tamén chamado, como seu pai, simplemente Kalev) e os seus proxenitores. Nos momentos máis dramáticos da súa vida, volve á tumba dos pais: estes danlle consellos e explícanlle cómo atopar o seu camiño polo mundo. As conversas de Kalevipoeg coa nai e o pai mortos constitúen, sen dúbida, algúns dos episodios máis líricos de toda a epopea:

¿Quen vai sobre o meu sepulcro?
¿Quen move a area da tumba,
renxe a grava cos seus pasos
e abala a miña lápida?

Nun dos cantos, Kalevipoeg confesa que non ten pensado casar con muller ningunha. A única meta que arela, como o conde Rolando, como Fausto, é a de servir á súa patria e á súa xente.

² Uku é o fado do trono na mitoloxía finesa (Ukko) e estonia.

Malia todo, a progresión de Kalevipoeg cara a un cimo moral tan elevado é gradual e dolorosa. Sendo aínda novo cometera moitos erros graves. Causou a morte da Doncela da Illa, con quen mantivera relacións íntimas (os paralelismos con Fausto e tamén con Don Juan son patentes) e, nunha arroutada de furia, estando bébedo, matara o fillo dun ferreiro finés. Este último acontecemento é tan transcendental na obra que altera o desenvolvemento dramático ulterior. Aínda que Kalevipoeg logra unha dimensión xenuinamente ética polas súas nobres accións posteriores —arrepíntese dos seus pecados, compadécese dos febles e os humildes, constrúe unha cidade, fai como Ulises unha viaxe por mar ata a fin do mundo e descende aos infernos, loita co Demo e contra as tropas hostís das nacións invasoras— aquel seu crime, aquel asasinato do fillo do ferreiro finés, convértese nunha condena fatal para el:

Os regatos da nosa vida
as ondas de felicidade
van guiados polos deuses.
Tenta emendar o mal feito
que xurdiu sen intención.

Por medio da súa propia espada Kalevipoeg acaba perdendo as dúas pernas e a continuación morre. Porén, do mesmo xeito que os Ceos perdoan finalmente a alma de Fausto, os antigos deuses estonios liderados por Taara, o deus do trono equiparábel ao Thor da mitoloxía escandinava, deciden que un resucitado Kalevipoeg fiquen atrapado nunha rocha ás portas do Inferno, converténdoo así no garda daqueles tenebrosos eidos (os paralelismos sucesivos con Cristo e con Prometeo semellan obvios). A epopea de Kreutzwald remata cun presaxio do autor: que un día Kalevipoeg sexa liberado da rocha, regrese a Estonia e devolva á súa xente a liberdade e a felicidade.

O *Kalevipoeg* ten inspirado numerosas obras de arte en Estonia, incluído un ballet de Eugen Kapp, e a figura do seu protagonista está presente nun alto número de producións literarias, en ocasións mesmo como imaxe patética ou obxecto de parodia (representase como un travestido nalgunha que outra obra humorística). Pero, sen dúbida, a grande obra de Kreutzwald ten sido esencial á hora de construír o movemento do espertar nacional no século XIX e para a persistencia da memoria nacional e do ideal de liberdade durante o século XX, nesta etapa baixo a ocupación e a represión estranxeiras ás que se viron sometidos os estonios.

O presaxio de Kreutzwald non carece, sen embargo, de ambigüidade. Se cadra, é máis sutil incluso que o símbolo final do *Fausto* de Goethe. Non deberiamos pasar por alto a relación entre a vida e as accións de Kalevipoeg coa natureza na que aquelas se desenvolven. De feito, a obra está saturada de imaxes líricas, e ás veces tamén vulgarmente sexuais e físicas, que atan o protagonista á natureza e á terra do seu país. Isto limita a acción, ralentiza a súa crecenza moral, desacorde co máis mínimo optimismo racional directo. A mesma idea podería agocharse no anuncio de Kreutzwald sobre o regreso do heroe. Como Estado, a Estonia de hoxe recuperou a liberdade. Non embargante, semella que Kalevipoeg afronta con vagar o seu camiño de regreso.

Jüri Talvet

Universidade de Tartu